

A tarefa de **Lingua Galega**, do 1 de xuño ata o 15 de xuño será a que segue para 5º de primaria:

Ir ao enlace:

<http://pdi.vicensvives.com/pdi/lingua5/program/index.html#lb>

Ir ao **TEMA 7. “A ventá”**

En **edubook** ir a Táboa de contidos.

Ir a **2. Os determinantes posesivos, numerais e indefinidos**. Actividades 8,9,10,12,13 e 14.

Ir a **3. Uso do V**. Actividades 15,16 e 17.

Ir a **4. A prefixación**. Actividades 19,20 e 21.

Ir a **5. A descrición**. Actividade 22.

Ir a **P. O trasno das palabras**. Actividade 1.

Ir a **A. Aprendín**. Actividades 36,37,38,39 e 40.

Lectura: “**O reloxo que non sabía dicir cucú**”. Autora: Lucía Baquedano. Baía Edicións.

En Castelburgo ninguén o comentaba, pero todos sabían que Tristán, o príncipe herdeiro, non sabía rir.

Tiña dúas habitacións cheas de xoguetes. Doce cans. Un cervato. Pero non era feliz.

Os seus pais, os reis, sentíanse tan tristes que tamén eles perderon o costume de rir.

Como os seus súbditos os querían moito, deulles por pensar que tampouco eles debían rir. Por iso se prohibiu contar chistes, ler libros divertidos e festas con **pallasos**.

Ninguén protestou.

No lado norte da muralla estaba o palacio real, e se nel nin os reis nin o príncipe rían, tampouco eles rirían. Querían moito os soberanos e pensaban que se non oían risas, esquecerían que Tristán non sabía facelo.

Talvez chegarían a pensar que a risa nunca existira.

Se no lado norte da muralla estaba o palacio real, no sur atopábase o taller dos reloxeiros. O bisavó asombrara os seus veciños cando colocou no edificio do mercado un reloxo belísimo. A única agulla deixaba a súa sombra sobre o número onde o sol llo pedía, e así todos podían saber a hora que era.

Ao avó gustáballe aquel reloxo, pero sentía mágoa de que non marcasse as horas nos días anubrados. Por iso fixo outro que tiña unha máquina con moitas rodas que podían mover dúas agullas, unha grande e outra pequena. Estaban sobre unha esfera branca que lucía doce números negros. As agullas percorríanos unha vez durante o día e outra vez durante a noite. O reloxo era tan bonito que se colocou na fachada do edificio do Concello. Así todos sabían a hora, aparecese ou non o sol no ceo.

O pai estaba orgulloso da obra do avó, pero lamentaba que pola noite non se vise. Así que, como entón se estaba construíndo na cidade unha igrexa coa torre moi alta, fixo un reloxo para colocalo na torre.

Nada máis velo, todo o pobo quedou encantado. Tiña un anxo a cada lado e, cando as agullas do reloxo sinalaron a unha, fixeron soar unha campá.

Ninguén quixo abandonar a praza até que deron as dúas. E cando a campá debullou dous toques, e tres ao marcar as tres, dixeron que o pai era moi listo. É que con aquel reloxo e as súas badaladas poderían saber que hora era, tanto de día como de noite.

Á vez que atendía o seu traballo, o pai ensinaba o oficio ao fillo, que o aprendeu moi ben. Por iso construíu unha linda casiña de madeira e nela

gardou a maquinaria dun pequeno reloxo. A esfera cos seus doce números ocupaba a fachada, pero na parte de arriba tiña unha ventaiña.

Cando xa o tivo rematado, deulle corda coa súa chave e o reloxo comezou a facer tictac, como fan todos os reloxos. Pero cando as agullas sinalaron que era a unha, abriuse a ventaiña e por ela asomou un paxariño azul, que dixo:

- Cucú.

E dicía “cucú cucú” cando daban as dúas, e cantouno até doce veces cando o reloxo sinalou que eran as doce.

O éxito foi enorme. Todo o mundo quería ter un reloxo de cuco na súa casa. Mesmo nas cidades veciñas se falaba con admiración do taller dos reloxeiros. A súa fama cruzou os mares e chegou a outros países e até eles viaxaron os reloxos en forma de casiña co seu paxariño dentro.

Así que, aínda que os castelburgueses xa non soubesen rir, eran felices porque, grazas aos reloxeiros, o nome de Castelburgo era coñecido no mundo enteiro.

Todo ía moi ben naquel país sen risa e con reloxos, até que un día ocorreu algo terrible. Un dos reloxos de cuco veu de volta ao taller. Ademais, o comprador estaba moi enfadado.

Dixo que o reloxeiro non era unha persoa seria e que aquilo non tiña ningunha graza.

- E que o paxariño o soltou diante da esposa do meu xefe, que é unha señora moi elegante e refinada. Que bochorno tan grande! Diante da esposa do meu xefe!

O fillo quedou asombrado porque nunca lle rexeitaran un reloxo.

Examinou unha por unha as pezas da máquina e deixouno sobre a mesa de traballo sen cegar a descubrir que defecto tiña. Pero pronto deron as tres, e tal como o reloxeiro esperaba, asomou o paxariño.

- Caca! – dixo alegremente.

O fillo creu non oír ben. Escoitou atentamente.

- Caca! - repetiu o cuco con claridade.

- Caca! – gritou con desenvoltura.

Despois escondeuse de novo na súa casa, desposto a esperar a que desen as catro.

- Que desastre! – dixo o fillo.

Estaba tan avergoñado que escondeu o reloxo na rebotica do taller para que non o vise ninguén. E alí quedou esquecido. Co tempo a casiña de madeira encheuse de po.

Enmudeceu o cuco, porque ninguén se ocupou de darlle corda ao reloxo. Pasaron días, semanas e meses.

Estaba acabando o verán, cando a mestra do lado leste da muralla entrou na reloxaría. Dixo que quería un reloxo para a súa escola.

O fillo non estaba no taller e a súa esposa, que non sabía nada do defecto de aquel reloxo, púxoo entre os outros para que o vise a clienta. Á mestra gustoulle moito, e foi o que comprou.

A mestra do lado leste da muralla colocou o reloxo no salón de actos da escola. Mirouno satisfeita e saíu. Tiña moitas cousas que facer porque as clases comezaban ao día seguinte.

Aquel ano ían ir os reis e o príncipe á apertura de curso. A súa presenza faría que a súa escola parecese máis importante. Moito máis que a do lado oeste da muralla, aínda que Sabela, a súa mestra, presumise tanto.

Colgado na parede máis visible do salón de actos, o reloxo que non sabía dicir cucú sentiuse feliz. Todos os asentos estaban cheos de nenos. Encantábanlle os nenos. Algunhas persoas maiores pedíanlles que se portasen ben porque era un día moi importante.

E o importante resultaron ser un home , unha muller e un neno de face triste. Entraron polo corredor central mentres todos aplaudían.

Despois un señor moi serio empezou a falar de cousas moi aburridas. Aínda estaba falando cando as agullas do reloxo sinalaron as doce.

- Caca! – gritou o paxariño.

E todos deixaron de mirar o home aburrido, aínda que el seguisse falando:

- A nosa escola séntese moi honrada pola presenza dos reis e o príncipe...

- Caca! – repetiu o cuco, desposto a cantar aquelas doce horas.

- Caca!, caca!, caca...!

Ao reloxo pareceulle unha inxustiza que non lle deixasen rematar.

Ademais estaba ocorrendo unha cousa moi divertida. Algo que nunca se viu en Castelburgo. Porque, de súpeto, o xesto da boca príncipe Tristán se transformou. Os seus beizos prolongáronse cara aos extremos. Parecía como se quixesen chegar ata as orellas.

Despois abríronse deixando ver uns dentes branquísimos. Un son alegre escapou deles:

- Hai, ha, ha!

Ao reloxo pareceulle gracioso que todos os nenos fixesen o mesmo xesto e gritasen tamén “ha, ha, ha “.

Pero as persoas maiores parecían moi asustadas. Pensou que o que facían os nenos se cadra era moi malo.

Foi unha inxustiza, si, que a muller que o comprou, o descolgase da parede. Sen importarlle nada as protestas dos nenos que estaban gozando tanto.

Estaba moi enfadada cando entrou no taller e o deixou sobre o mostrador. Dixo que aquilo era de moi mal gusto.

- Ademais, en presenza das súas altezas!

O fillo tomou o reloxo e escondeuno no máis escuro do taller. Púxoo entre as cousas que nunca se usaban.

Non quería velo nin oílo nunca máis.

Pero ao día seguinte alguén entrou de novo na reloxaaría. O fillo púxose moi contento ao recoñecer a raíña e o príncipe, que querían comprar un dos seus reloxos.

Mostroulles os que tiña. A todos lles fixo cantar as horas. Pero ningún deles era o que querían os rexios compradores. O reloxeiro púxose moi triste ao dicir que non tiña nada para ensinalles.

- Nada máis? – suspirou a raíña. E tamén ela se puxo triste, porque recordaba a cara alegre do seu fillo.

Daríase calquera cousa por velo rir outra vez. Mirou cautelosa ao seu redor para asegurarse de que ninguén podía oír. Despois, achegando o seu rostro ao do reloxeiro, murmurou:

- É que o que queremos non é un reloxo de cucú, senón de caca, comprende?

Asombrado, o fillo buscou o reloxo que tanto lle fixera sufrir.

Quitoulle o po. Mirouno .

Decidiu que, aínda que non lograra que aprendese a dicir cucú, era sen dúbida, o máis belo de todos.

Tamén ao pequeno príncipe lle gustou.

Porque riu gozoso.

Ás gargalladas.

Cando o cuco, que parecía presentir que serían bos amigos, anunciou que eran as tres, cun alborozador:

- Caca!, caca!, caca!

E ao velo rir tan alegremente, esquecendo que a risa era algo prohibido en Castelburgo, o reloxeiro riu tamén. Non podía crer que o seu reloxo daría as horas no palacio do norte da muralla que rodeaba a cidade.

Alí ao fondo, na fachada do mercado, unha liña de sombra avisaba de que pronto serían as catro.

Si, tamén o sinalaban as dúas agullas do reloxos do edificio do Concello. E ao momento o da torre da Igrexa deu catro badaladas.

E un tenente coronel moi serio, que por alí pasaba, mirou terriblemente escandalizado.

Alguén estaba rindo en Castelburgo!

A raíña e o príncipe cruzaban a rúa sen deixar de rir!

Ademais, parecían pelexar por levar unha caixa de cartón, como se se volvesen tolos...

Pero, aínda que se detivo e volveu a cabeza, non foi quen de adiviñar cal dos dous era o que dicía:

- Caca!, caca!, caca!, caca!

Preguntas:

- As palabras subliñadas que teñen en común entre elas? Como se chaman as palabras que significan o mesmo?

- Por que **pallaso** non se escribe con **y** en galego?

- Cita tres tipos de reloxos que hai no conto e di cal é o que máis che gusta a ti.

Investigación:

Investiga a historia dos reloxos ao longo da Historia e fai un breve traballo.

Estas serán as derradeiras tarefas deste curso 2019/2020. Agardo que pasedes un bo verán e para o vindeiro curso vide con moitas ganas de aprender. Fostes un curso moi bo, parabéns e unha grande aperta a todos e todas.

Enrique.